

## Carta aos lectores

**G**alicia conta coa súa primeira delegación oficial no exterior. En Bos Aires iníciase unha nova etapa da nosa paradiplomacia co reto de non deixala subsumir no asistencialismo migratorio, nun tempo en que se imponen visións ambiciosas que sen mingua do recoñecemento e integración do valor da diáspora, saiban afrontar os desafíos e oportunidades que presenta a mundialización. Por iso, a concreción das liñas mestras que deben guiar a nosa acción exterior nos próximos anos (Fernando González Laxe), cómpre completalas coa integración doutras dimensións parciais (Craig Patterson e Ângelo Gonçalves Vicente) que deben ser atraídas para establecer complicidades que nos permitan optimizar os nosos recursos e potencialidades. Nesa liña, as propostas documentais xenéricas deberían ir acompañadas da activación de diálogos e intercambios de opinión e de experiencias con todos aqueles actores que contribúen a difundir unha imaxe de Galicia no mundo e cos que cómpre atopar espazos de compromiso en aspectos básicos. A experiencia de Euzkadi (Mikel Burzako), a máis avanzada no Estado, sen que debamos imitar nada, pode ser de gran valor para o noso recorrido.

O segundo eixo temático deste número afonda nas delicadas relacións exteriores de Rusia, tanto con EUA (Mariano Aguirre), como coa Unión Europea (Francisco Herranz), a Polonia (Mercedes Herrero) que simboliza moitas das tensións que rodean o actual desentendemento cos antigos aliados do bloque centroeuropeo, e, finalmente, cos chamados estados eslavos posoviéticos (Alexis Romanov), inmersos nos últimos tempos en convulsións de diverso e contrario signo. O resultado das eleccións lexislativas do 2 de decembro non deixan lugar a dúbidas sobre o continuísmo da política do Kremlin que, neste eido concreto, tentará recuperar posicións de influencia nunha pugna estratéxica cos intereses occidentais, aventurando un horizonte de inestabilidade nos variados confíns do estranxeiro “próximo” de Moscova.

Nun terceiro bloque abordamos dúas reflexións sobre o fenómeno terrorista e al-Qaida, tanto dende unha perspectiva xeral (Pedro Brieger), como tamén centrada nas singularidades presentes no norte de África (David Alvarado). Unha reflexión sobre Xapón (Salvador Rodríguez Artacho) ilustra sobre as dificultades do tempo político nipón na era pos-Koizumi que achega aínda numerosas incertezas e deixa en entredito a capacidade para propiciar as reformas de fondo que Shinzo Abe pretendía para facer de Xapón un país “normal”. Por último, a valoración do XVII Congreso do Partido Comunista de China, adiántanos os principais desafíos que figuran na axenda política do coloso oriental para o próximo lustro, facendo fincapé no dobre desafío identificado polos dirixentes daquel país: a construción dun novo modelo de desenvolvemento que teña en conta o respecto ao ambiente e a xustiza social, e a apertura de espazos de maior democracia que contribúan a reforzar –e non a alterar– o actual sistema político. Unha ecuación complexa.

O director.